



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

---

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 22 de setembro de 2017, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 4.- Aprobación, se procede, da modificación dos prezos públicos e canons a aboar pola empresa ‘Aqualia Gestión Integral del Agua S.A.’, concesionaria da xestión das piscinas cubertas municipais

“Vista a solicitude presentada por AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A., concesionaria do servizo de xestión das piscinas cubertas municipais, a medio de escrito rexistro de entrada n.º.: 2017015292, de data 28 de xullo do 2017, relativa á revisión das tarifas a percibir dos usuarios.

Tendo en conta que a cláusula VIII do Prego de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares reguladoras da concesión do servizo de xestión das piscinas cubertas municipais de Oleiros dispón que: *“O concesionario poderá solicitar anualmente ao órgano de Contratación a revisión das tarifas. En todo caso os incrementos deberán respectar a evolución do IPC. De conformidade co art. 78.3 da LCSP a revisión non poderá superar o 85% de variación polo índice adoptado. A revisión de prezos terá lugar cando o contrato se executase polo menos, no 20% do seu importe e transcorrese un ano desde a súa adxudicación. En consecuencia, o primeiro 20% executado e o primeiro ano de execución quedarán excluídos da revisión.”*

Tendo en conta que os prezos públicos pola prestación de servizos nas piscinas municipais cubertas a percibir dos usuarios/as actualmente en vigor (excepto os correspondentes á reposición de tarxeta de acceso e devolución de recibos) foron aprobados pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño do 2013, fructo de aplicar ás aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24 de maio do 2012, o incremento do 85% da variación do IPC entre abril do 2012 e marzo do 2013, isto é un 2,04 %.

Tendo en conta que os prezos públicos referidos á reposición de tarxeta de acceso e devolución de recibos foron establecidos por primeira vez por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio do 2012.

Tendo en conta o apartado 1 da Cláusula VI do Prego regulador da concesión dispón, asemade, que *“este canon modificarase cando se produza a revisión das tarifas, aumentándose en contía proporcional á variación destas e en todo caso de xeito anual conforme á variación do IPC”*.

Á vista do informe emitido pola TAE Inspección Tributaria do 17 de agosto do 2017, relativo á proposta de revisión das tarifas dos prezos públicos a percibir dos usuarios polo servizo da xestión das piscinas cubertas municipais e dos canons a abonar pola empresa concesionaria do servizo, propónse á Xunta de Goberno Local, adoptar acordo de modificación dos prezos públicos e canons a abonar pola empresa, quedando do xeito seguinte:

• **Prezos públicos pola prestación de servizos nas piscinas municipais cubertas de A Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda, a percibir das persoas usuarias (a aplicar a partires do 1 de outubro do 2017):**



CONCELLO DE  
OLEIROS

SERVIZO	PREZO/MES (€)
<b>• Abonados/as:</b>	
Individual de mañá	26,33
Individual xeral	31,55
Familiar	47,34
Abono xuvenil (ata 21 anos inclusive)	20,82
Maiores de 60 anos	23,16
Cota de mantemento	10,68
Cota de inscrición familiar	43,99
Cota de inscrición individual	43,99
<b>Non abonados:</b>	
Entrada libre (prezo/día)	8,69
<b>Programa municipal:</b>	
Actividade acuática para embarazadas	28,90
Actividade acuática de recuperación posparto	28,90
Actividade acuática para bebés	14,43
Actividade acuática de escolas públicas infantís	9,61
Actividade acuática de centros de ensino público de primaria	14,43
Actividade acuática de centros de ensino público de secundaria	18,29
Actividade acuática para servizos sociais	18,29
Programa acuático de recuperación funcional	23,10
Programa acuático especial para disfuncións físicas	24,72
Programa acuático especial para disfuncións psíquicas	24,72
<b>Prezos especiais:</b>	
Desconto a familias numerosas de categoría especial	10%
Desconto a familias numerosas de categoría xeral	5%
<b>Outras tarifas abonados/as:</b>	
Cursos natación usuarios/as desde 18 anos (2 días á semana)	24,88
Cursos natación usuarios/as desde 18 anos (1 día á semana)	15,00
Cursos natación usuarios/as de ata 18 anos	10,52
<b>Outros servizos:</b>	
Reposición de tarxeta de acceso (prezo/tarxeta) (1)	2,86
Devolución de recibo (prezo/recibo)	0,80
<b>Exencións de pago:</b>	
Cota de inscrición, cando a empresa concesionaria realice a campaña ao efecto (previa comunicación ao Concello).	
<b>Bonificacións:</b>	
Bonificación do 75% na cota de inscrición, cando a empresa concesionaria realice a campaña ao efecto (previa comunicación ao Concello).	

(1) Estarán obrigadas ao pago desde prezo público:

-As persoas usuarias que teñan a condición de abonado ou cursillistas, ás que deba repoñerse a tarxeta de acceso por perda ou deterioro.

-As persoas usuarias, que non teñan a condición de abonados ou cursillistas, que pertencen a clubs deportivos ou que sexan participantes en programas municipais. Non se cobrará este prezo público no caso de entradas puntuais.



CONCELLO DE  
OLEIROS

• Cánones anuais a abonar pola empresa concesionaria do servizo (a aplicar a partires de 1 de outubro do 2017):

- 14.461,21 € respecto das piscinas de A Fábrica e Perillo.
- 19.281,62 € respecto da piscina de Oleiros.
- 14.461,21 € respecto da piscina de Dorneda.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 26 de setembro de 2017.-

Vº e Prace

**O alcalde,**

Angel Garcia Seoane

